



Mediante escrito de data 25 de abril de 2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que tivo entrada neste centro directivo o 30 de abril de 2019, remitiuse Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) de persoal funcionario e laboral da Axencia Galega de Innovación (GAIN), xunto coa memoria funcional e económica, táboas de equivalencias de postos de persoal funcionario e laboral que se pretenden modificar, relacións de postos de traballo a crear e a amortizar e actas das reunións coas organizacións sindicais e solicitando desta Dirección Xeral a emisión do preceptivo informe.

Atendendo á solicitude formulada, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro), e en base ás competencias que lle confire o artigo 41.2 E a) do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 141, do 24 de xullo), esta DXARA emite o seguinte

## INFORME

**PRIMEIRO-** A modificación da RPT proposta faise sobre postos de traballo de persoal funcionario e persoal laboral de GAIN e persegue fundamentalmente os seguintes obxectivos:

- a) Creación dunha praza de enxeñeiro/a en execución de sentenza xudicial.
- b) Creación dunha xefatura de sección de xestión financeira e contratación.
- c) Adaptar a RPT como consecuencia da modificación dos Estatutos da Axencia Galega de Innovación e a Lei de Emprego Público de Galicia

**SEGUNDO.-** A proposta de modificación de RPT que se somete ao informe da DXARA, en síntese, consiste no seguinte:

- a) Creación dunha praza de enxeñeiro de telecomunicación en execución da Sentencia firme do Xulgado do Social Nº 1 de Santiago de Compostela ditada nos autos do procedemento ordinario 961/2008 o 30/12/2011 na que se declara a vinculación do actor coa Xunta de Galicia, ao servizo da Consellería de Innovación e Industria, actual Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- b) Creación dunha xefatura de sección de xestión financeira e contratación que proporcione apoio a xefatura do Departamento de Xestión Financeira e Contratación, departamento creado no novo decreto de estrutura de GAIN, en tramitación, informado favorablemente por este centro directivo o 2 de abril de 2019.
- c) Adaptar a RPT como consecuencia da modificación dos Estatutos da Axencia Galega de Innovación e a Lei de Emprego Público de Galicia.
- d) Outras modificacións propostas por distintos motivos: modificación dos códigos de postos, cambios na forma de provisión, cambios de centro de destino, modificación dos centros de destino, entre outras.





**TERCEIRO.-** As principais cuestións a destacar da proposta que se informa son as seguintes:

**A) CREACIÓN DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A EN EXECUCIÓN DA SENTENZA DO XULGADO Nº1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DITADA NOS AUTOS DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 961/2008**

Na proposta de modificación de RPT especificase e xustifícase a creación dun novo posto que se relaciona a continuación, en execución da Sentencia firme do Xulgado do Social Nº 1 de Santiago de Compostela ditada nos autos do procedemento ordinario 961/2008 o 30/12/2011 na que se declara a vinculación do actor coa Xunta de Galicia, ao servizo da Consellería de Innovación e Industria, actual Consellería de Economía, Emprego e Industria por aplicación do Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como traballador coa categoría de enxeñeiro de telecomunicación, dentro do Grupo I, Anexo II, do IV Convenio Colectivo Único do Persoal.:

| Código do posto proposto | Denominación                      | Subgrupo | Nivel | Tipo de posto |
|--------------------------|-----------------------------------|----------|-------|---------------|
| EI.A11.00.002.15770.029  | Enxeñeiro/a Funcións facultativas | A1       | 26    | Funcionario   |

O Decreto 175/2015, do 3 de decembro establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. A resultas da mesma, acordouse que a entidade axeitada, dadas as súas competencias, para a adscrición dun traballador coa categoría de enxeñeiro de telecomunicacións, é a Axencia Galega de Innovación, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, tal e como dispón o artigo 3 do mencionado Decreto 175/2015.

De acordo co artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo e con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma serán creados como de persoal funcionario, agás que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

Polos anteriores motivos a xustificación funcional remitida contempla a creación dunha praza do corpo superior da administración especial da Administración Xeral da Xunta de Galicia, escala de enxeñeiros na especialidade de enxeñaría de telecomunicacións, que se adscribirá a Área de Programas.

**B) AMORTIZACIÓN E CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO**

**B.1 AMORTIZACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO**

| Código do posto         | Denominación           | Centro de destino                                  |
|-------------------------|------------------------|--|
| IN.C03.00.000.15770.008 | Posto base Subgrupo A2 | D.X de Investigación, Desenvolvemento e Innovación |
| IN.C03.00.000.15770.018 | Posto base Subgrupo C2 | D.X de Investigación, Desenvolvemento e Innovación |

**B.2 CREACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO**

| Novo Código do posto | Denominación | Subgrupo | Nivel | Tipo de posto |
|----------------------|--------------|----------|-------|---------------|
|----------------------|--------------|----------|-------|---------------|





| Novo Código do posto    | Denominación                   | Subgrupo | Nivel | Tipo de posto |
|-------------------------|--------------------------------|----------|-------|---------------|
| EI.A11.00.001.15770.061 | Xefatura de xestión financeira | A1       | 25    | Funcionario   |

- Amortízanse os postos base Subgrupo A2 co código IN.C03.00.000.15770.008 e Subgrupo C2 co código IN.C03.00.000.15770.018, para o financiamento da praza de xefatura de sección de xestión financeira e contratación, de nova creación, ao considerar que a súa cobertura no resulta imprescindible para o desenvolvemento das competencias da Axencia Galega de Innovación.
- Tamén se amortiza a posto base Subgrupo A1 co código IN.C03.00.000.15770.004, amortización xa prevista no Decreto polo que se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, informado favorablemente por este centro directivo o dous de abril de 2019.
- Ademais do posto de enxeñeiro /a de funcións facultativas indicado anteriormente tamén se crea o posto de xefatura de sección de xestión de financeira no novo Departamento de Xestión Financeira e Contratación, creado este no Decreto polo que se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, para prestar apoio inmediato á xefatura do dito departamento creado
- Tamén se crean os postos de xefatura do departamento de coordinación do Polo Aeroespacial no novo Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas e a xefatura do departamento e xestión financeira e contratación no tamén novo Departamento de Xestión Económica e Orzamentaria, ambos creados no devandito Decreto polo que se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, informado favorablemente por este centro directivo o dous de abril de 2019.

### C) ADAPTAR A RPT COMO CONSECUCIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A LEI DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA

#### C.1) Creación de dous novos departamentos na dirección da Axencia e na Área de Xestión.

A modificación do decreto de estrutura que actualmente se está tramitando, informado favorablemente por este centro directivo, supón a creación de dous departamentos:

- Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas (Castro de Rei-Lugo), dependente directamente da dirección da Axencia.
- Departamento de xestión financeira e contratación, dependente da Área de Xestión,.

#### C.2) Códigos de posto.

Todos os códigos de posto da RPT que se propón para a súa aprobación, modifican os díxitos iniciais, de tal xeito que se suprimen as letras IN e IN.C03 e se substitúen por EI.A11, por consideralo máis acorde á denominación da actual Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Axencia Galega de Innovación.

#### C.3) Cambios de centro de destino.





## 3.1. Persoal funcionario:

| Código de posto         | Denominación                      | Nivel | Ubicación actual  | Ubicación nova  |
|-------------------------|-----------------------------------|-------|-------------------|---|
| IN.A11.00.000.15770.022 | Posto base subgrupo A1            | 20    | Dirección         | Área de Xestión   |
| IN.A11.00.000.15770.025 | Posto base subgrupo A1            | 20    | Dirección         | Área de Xestión   |
| IN.C03.00.002.15770.033 | Sección de xestión técnica        | 25    | Área de Programas | Área de Xestión /Departamento de Xestión de Axudas                |
| IN.C03.00.001.15770.04  | Enxeñeiro/a funcións facultativas | 26    | Área de Xestión   | Área de Programas/ Departamento de Xestión da Innovación (SEGAPI) |
| IN.C03.00.001.15770.05  | Enxeñeiro/a funcións facultativas | 26    | Área de Xestión   | Área de Programas/ Departamento de Xestión da Innovación (SEGAPI) |
| IN.C03.00.001.15770.06  | Enxeñeiro/a funcións facultativas | 26    | Área de Xestión   | Área de Programas/ Departamento de Xestión da Innovación (SEGAPI) |

## 3.2. Persoal laboral:

| Código de posto         | Denominación        | Grupo | Categoría | Ubicación actual | Ubicación nova  |
|-------------------------|---------------------|-------|-----------|------------------|-----------------|
| IN.A11.00.004.15770.102 | Titulado/a superior | I     | 4         | Área de Centros  | Dirección       |
| IN.A11.00.003.15350.101 | Titulado/a superior | I     | 4         | Área de Servizos | Área de Centros |
| IN.A11.00.003.15350.102 | Titulado/a superior | I     | 4         | Área de Servizos | Área de Centros |
| IN.A11.00.003.15350.103 | Titulado/a superior | I     | 4         | Área de Servizos | Área de Centros |

Co fin de acadar unha mellor redistribución do persoal e adaptalo a nova estrutura da Axencia tamén se ven modificados determinados postos de traballo, tanto de persoal funcionario como laboral, que pasan dunha unidade administrativa a outra, sen que iso supoña en ningún caso cambio de localidade

## C.4) Cambios na forma de provisión

| Denominación do posto que se propón | Novo Código do posto | Forma de | Forma de provisión |
|-------------------------------------|----------------------|----------|--------------------|
|-------------------------------------|----------------------|----------|--------------------|





|   |                         | provisión actual | proposta |
|---|-------------------------|------------------|----------|
| Xefatura Departamento de xestión de axudas  | EI.A11.00.001.15770.020 | LD               | CE       |
| Xefatura Departamento de Xestión Económica e Orzamentaria                           | EI.A11.00.001.15770.040 | LD               | CE       |
| Xefatura Departamento Xestión Financeira e Contratación (novo posto)                | EI.A11.00.001.15770.060 | --               | CE       |
| Xefatura Departamento de Xestión de Innovación                                      | EI.A11.00.002.15770.020 | LD               | CE       |
| Xefatura Departamento de Servizos e Observatorio da Innovación                      | EI.A11.00.003.15770.020 | LD               | CE       |
| Xefatura Departamento de Programación de Centros                                    | EI.A11.00.004.15770.020 | LD               | LD       |
| Xefatura Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas (nova creación) | EI.A11.00.000.15770.020 | --               | LD       |
| Xefatura da Sección de Habilitación e Tesourería                                    | EI.A11.00.001.15770.041 | Concurso         | CE       |

Na anterior táboa obsérvase á adaptación dos postos de xefatura de departamento á normativa vixente, para os que a RPT vixente lles esixe como forma de provisión libre designación, establecendo como forma de provisión o concurso específico conforme ao previsto no 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que sinala no seu punto 1 que “as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema agás aqueles que, polas súas especiais características deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública”.

A xustificación funcional remitida contempla para o posto de xefatura de departamento de programación de centros e a xefatura de departamento de coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas a provisión polo sistema de libre designación, fundamentándose no artigo 92.2 da mencionada lei de emprego público de Galicia e nos criterios de excepcionalidade, establecidos na Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 44, do 4 de marzo) que desenvolve os preceptos da citada lei, concretamente nos seguintes criterios:

Xefatura de departamento de programación de centros:

1. Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia.
- 1.2 Dependencia directa dun alto cargo.

Xefatura de departamento de coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas:

6. Especial responsabilidade por dirixir centros con características singulares dependentes da Xunta de Galicia

6.2 Centro de investigación e innovación en que se desenvolvan proxectos que poidan supoñer unha vantaxe competitiva para Galicia.





Por último na memoria funcional faise referencia tamén a un cambio na forma de provisión do posto de xefatura da sección de habilitación, pasando de concurso a concurso específico, xustificándose por ter encomendados todos os pagamentos da Axencia Galega de Innovación ao contar esta con tesourería propia.

O artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que o concurso específico aplicarase como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo

#### C.5) Postos de traballo que modifican o corpo/escala

| Código do posto         | Denominación                                       | Corpo/escala   |                 |
|-------------------------|--|----------------|-----------------|
|                         |  | actual         | proposto        |
| IN.A11.00.002.15770.020 | Xefatura departamento xestión da innovación        | XERAL/ESPECIAL | XERAL/ESE3/ESE6 |
| IN.C03.00.002.15770.045 | Enxeñeiro/a de funcións facultativas               | ESPECIAL       | ESE3            |
| IN.C03.00.001.15770.004 | Enxeñeiro/a de funcións facultativas               | ESPECIAL       | ESE3            |
| IN.C03.00.001.15770.005 | Enxeñeiro/a funcións facultativas                  | ESPECIAL       | ESC1/ESE3       |
| IN.C03.00.001.15770.006 | Enxeñeiro/a de funcións facultativas               | ESPECIAL       | ESE/3           |
| IN.A11.00.003.15770.020 | Xefatura departamento servizos e observato. innov. | XERAL/ESPECIAL | XERAL/ESE4/XSI  |
| IN.C03.00.000.15770.007 | Enxeñeiro/a funcións facultativas                  | ESPECIAL       | ESE6            |

Como se observa na táboa anterior ampliase a especialidade nos postos de enxeñeiros de funcións facultativas, que na RPT vixente aparecen como "especial", e os postos denominados "xefatura departamento xestión da innovación" e "xefatura do departamento de servizos e observatorio da innovación", que na actual RPT están definidos no apartado de corpo/escala como "xeral/especial", pasarían a definir máis concretamente a especialidade en función das necesidades dos postos.

#### C.5) Modificación dos nomes dos postos

| Código do posto         | Denominación                          | Denominación proposta                    |
|-------------------------|---------------------------------------|--|
| IN.C03.00.001.15770.020 | Sección de proxectos de investigación | Xefatura sección de contratación         |
| IN.C03.00.002.15770.033 | Sección de xestión técnica            | Xefatura de sección de xestión de axudas |
| IN.C03.00.001.15770.036 | Xefe/a negociado xestión económica    | Xefatura de negociado I                  |
| IN.C03.00.001.15770.037 | Xefe/a negociado de habilitación      | Xefatura de negociado de habilitación    |

O cambio de denominación xustifícase para axustala á dos novos departamentos dos que van a depender

| Código do posto         | Denominación                    | Denominación proposta                         |
|-------------------------|---------------------------------|---|
| IN.C03.00.001.15770.002 | Secretario/a do/a subdirector/a | Axudante de administración                    |
| IN.C03.00.001.15770.035 | Sección de habilitación         | Xefatura sección de habilitación e tesourería |
| IN.C03.00.002.15770.020 | Secretario/a do/a subdirector/a | Axudante de administración                    |





O posto con código IN.C03.00.001.15770.035 “ Sección de Habilitación “ pasa a denominarse “Sección de Habilitación e Tesourería”, por canto ademais das funcións de habilitación que tiña encomendadas asume as de tesourería, que lle é propia como axencia e que non tiña anteriormente cando era a habilitación dunha dirección xeral.

Tamén muda a denominación dos postos de secretario/a do subdirector/a xeral xa que axencia como tal non conta con postos de “subdirector xeral” senón “director/a de área” polo que a denominación actual non se adapta a denominación do posto de que dependen, e tamén por considerar que estes postos de secretario /a de subdirector/a realizan funcións similares ás dun xefe de grupo extensivas a toda área, con funcións de apoio a toda área.

#### D) OUTRAS MODIFICACIÓNS DE POSTOS DE TRABALLO

##### D.1) Posto de traballo que modifica as súas observacións

O titular do posto denominado enxeñeiro/a de funcións facultativas, Abelardo Nimo Silva, con código vixente IN.C03.00.001.15770.005, cesou no dito posto ao ser nomeado como funcionario do corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros/as industriais (Orde da Consellería de Facenda do 30 de setembro de 2015 (DOG nº.195, do 13 de outubro de 2015), deixando vacante dito posto, polo que na RPT proposta desaparece a observación “ocupado por persoal laboral indefinido non fixo”.

Por outra parte, ao estar vacante, engádeselle a especialidade de bioloxía e modifícase a súa denominación, que pasaría a ser “Biólogo/a-Enxeñeiro/a de funcións facultativas”. Dito cambio obedece a que o Departamento do que depende ten encomendadas entre outras a avaliación técnica das solicitudes de axudas impulsadas pola Axencia e o seguimento e control co fin de verificar o cumprimento da finalidade das convocatorias de axudas, o que fai convinte contar cun equipo multidisciplinar.

##### D.2) Postos de traballo que modifican a formación específica

Actualízase a formación específica en lingua galega para persoal doutra administración ao posto de secretario/a director xeral/a co código vixente IN.C03.00.000.15770.001, pasando de iniciación ao perfeccionamento. Ademais elimínase o código 020 Coñecemento informática nivel usuario como mérito.

##### D.3) Inclusión de áreas funcionais en determinados postos de traballo

Polo que respecta á incorporación de áreas funcionais na Xefatura Departamento Xestión Económica e Orzamentaria (área funcional económico-orzamentaria) Xefatura de Sección de Habilitación e Tesourería (área funcional económica-orzamentaria), Xefatura Negociado de Habilitación (área funcional económica-orzamentaria) e Xefatura Sección de Contratación (área funcional económica-orzamentaria) cómpre sinalar que esta dirección xeral non fai pronunciamento expreso por canto a asignación dos postos ás ditas áreas debe ser revisada e aceptada pola Dirección Xeral da Función Pública trala proposta feita pola Axencia Galega de Innovación.

**TERCEIRO-** As modificacións propostas non supoñen un incremento do gasto de persoal do seu Capítulo I, segundo se indica na memoria económica que acompaña á petición de informe.





Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, **INFORMA FAVORABLEMENTE** o proxecto de acordo polo que se modifica a Relación de Postos de Traballo da Axencia Galega de Innovación.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Natalia Prieto Viso

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

